



O IES MARTAGUISELA DO BARCO DE VALDEORRAS PARTICIPOU CO SEU  
ALUMNADO DE 1º E 2º ESO NA PLATAFORMA INTERACTIVA  
“ALGO ENTRE NÓS”

Dentro do **Plan Proxecta 365 días de respecto e igualdade** e grazas á Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia, participamos co alumnado de 1º e 2º ESO na plataforma interactiva centrada na prevención da violencia de xénero no contexto das relacións de adolescentes.

O profesorado encargado deste proxecto foi o seguinte: Pilar Fernández (2º ESO A), Pilar López (2º ESO B), Marta Cortés (2º ESO C), Miguel Martínez (1º ESO A) e Beatriz López (1º ESO B)

A través desta plataforma o alumnado ao longo da 2ª e 3ª avaliacións tivo que reflexionar sobre diferentes aspectos e superar cinco retos. Aínda que inicialmente estaba pensado para cinco sesións distintas, a verdade é que foron moitas máis, xa que os debates e os retos levaban a demorarnos no tempo.


Todas as sesións estaban distribuídas do seguinte xeito: en primeiro lugar visionaban un pequeno vídeo explicativo da sesión e do reto a conseguir, a continuación e unha vez realizadas as tarefas encomendadas, cubríase un formulario e achegábanse os documentos que nos solicitaban a través da páxina web <https://algoentrenos.gal/>



**1ª SESIÓN:** Nesta sesión traballamos os estereotipos e roles de xénero dun xeito dinámico e activo, partindo das ideas e crenzas que tiña o alumnado. Reflexionamos sobre a incidencia que o sexo/xénero da persoa ten sobre as expectativas e roles que socialmente se lle atribúen.

Comezamos creando un avatar feminino e masculino que representase ao alumnado mulleres e homes respectivamente e cubrimos o formulario sobre as características dos dous avatares (nome, aspectos da súa figura física, sobre a súa vestimenta, os seus gustos, as súas afeccións, as cousas que dirían os seus colegas del/dela e o estado anímico dos avatares).

Algúns dos avatares resultantes foron os seguintes:



**1**

**Poñendo caras**

**2ª SESIÓN:** Nestoutra sesión traballamos os mitos do amor romántico e a súa conexión co establecemento de modelos afectivos baseados na dependencia e na dominación. Reflexionamos sobre a construción do amor de parella que se dá nas nosas sociedades, así como en que medida a igualdade entre mulleres e homes é un principio respectado.

Durante o desenvolvemento da sesión, o alumnado tivo que ofrecer algún consello para resolver unha situación de parella complicada, na que foron identificando os mitos románticos presentes. Para finalizar esta sesión, démoslle unha volta á forma de amar buscando modelos libres de violencia machista, así creamos uns cancelos sobre o amor libre de violencia.

Algúns dos que foron saíndo entre a rapazada son:

#PorAmorNonTodoÉaceptable

#oAmorNonPodePoñerBarreirasÁLiberdade.

#conviolencianonhaiamor

#amorconbotratoperosencontrato

#setequerenNuncateFaranChorar

#NamoradasiPeroLibre

#PrimeiromullerLogonovia




**2**

**Iluminando a viaxe**

## MITOS DO AMOR ROMÁNTICO

- 1 Media laranxa**  
Crenza de que escollemos a parella que dalgunha maneira temos predestinada.
- 2 Exclusividade**  
O amor só se sente por unha persoa ao mesmo tempo.
- 3 Matrimonio ou convivencia**  
O amor conduce ao matrimonio e é a base deste.
- 4 Omnipotencia**  
O amor pode con todo; se hai verdadeiro amor, os obstáculos non deben influir sobre a parella.
- 5 Perdurabilidade ou paixón eterna**  
O amor paixonal dos primeiros meses de relación amorosa debe continuar sempre.
- 6 Fidelidade**  
O amor implica que sempre sexas fiel á túa parella.
- 7 Libre albedrío**  
O amor é libre e non está influenciado por valores sociais, biolóxicos ou culturais alleos á nosa vontade.
- 8 Equivalencia amor-namoramento**  
Se desaparece a paixón, é que se acabou o amor.
- 9 Emparellamento**  
A parella é natural e universal en todas as épocas e culturas.
- 10 Celos**  
É o indicador do amor verdadeiro.

### 3ª SESIÓN: Nesta sesión traballamos a violencia machista no contexto de parella, poñendo atención ás distintas



formas que presenta, pois non falamos unicamente de violencia física. Así, o grao de interiorización do sexismo, benévolo ou hostil, serviunos como indicador para poder medir o grao de machismo presente nunha relación e identificar posibles condutas de risco.



## 3

### Controlando a situación

Traballamos diferentes enunciados que figuraban unha conversa de whatsapp entre os dous avatares nas que a rapazada tiña que ir identificando situacións de violencia machista e ao final debater sobre o termómetro da violencia. Isto permitiunos coñecer o nivel de interiorización de certos comportamentos do noso alumnado que mesmo chegan a identificar como situacións normais ou xustificadas como “se me quere, é normal que teña celos e que se comporte así”, por exemplo,

Por último, o alumnado tivo que procurar videoxogos e/ou youtubers libres de violencias machistas

Entre os videoxogos libres de violencia machista destacaron os seguintes:

animal crossing, Terraria, Thelast o fus 1 e 2, Phasmophobia, StardeivValley, Minecraft, COD, Ark, FallGuys, PokemonPlanet, Amongus, Angrybirds, Fifa, Farcry ...

E entre os/as youtubers: Vegeta777, cristinini, Biyin, Ibai, Robleis, Rubius, Wilinex, AuronPlay, Mayichi, FlameBird789, Dipal CR, JCOKKO, Bobicraft, Aunomplay, TheGrefg, La bala, Los Polinesyos, Susiprofe,...



# TERMÓMETRO

→ PARA IDENTIFICAR  
SITUACIONES DE  
VIOLENCIA MACHISTA



**4ª SESIÓN:** Nesta(s) sesión(s) traballamos as relacións interpersoais que establecemos a nivel afectivo-sexual e como están socialmente estruturadas. Cando comezamos nunha relación de parella, aínda que sexa a nosa primeira vez, non partimos de cero, xa que nos acompañan expectativas e ideas preconcebidas.

A música é un potente axente de socialización, a través do cal se nos presentan roles sexuais que, as máis das veces, ofrecen unha mirada desigual entre os sexos e mesmo reproducen condutas violentas cara ás mulleres e ás nenas. Durante esta(s) sesión(s) o alumnado analizou diferentes cancións, de xeito individual, por parellas e en gran grupo, comezamos por escoller e debater as letras das cancións que lle gustaba e escoitaba diariamente a rapazada e identificar se presentaban algún tipo de violencia ou non. Reflexionamos sobre a influencia que a música ten sobre a nosa maneira de vivir as relacións afectivo-sexuais.

Finalmente, escoitamos e analizamos outras que estaban totalmente libres de violencia machista e baseadas no respecto e na igualdade entre mulleres e homes, ademais de visionar os seus videoclips. Concluimos que moitas das letras das cancións actuais presenta algún ou moitos trazos de violencia explícita ou encuberta.



**4**

**Bailando as  
emocions**

## **TAREFA EN PARELLAS**



**UNHA VEZ ESCOLLIDAS AS 2 CANCIÓNS  
(PARA \*ELA E PARA \*EL),  
RESPONDEDE AS SEGUINTEs CUESTIÓNS:**

- 1** De que trata cada canción?  
\_\_\_\_\_
- 2** Que sentimentos vos provocan as súas letras?  
\_\_\_\_\_
- 3** Hai algún tipo de violencia nelas?  
\_\_\_\_\_
- 4** Se hai protagonistas, como as describirías?  
\_\_\_\_\_

Entre as cancións que aportou a rapazada salientamos as seguintes:

*Torero* de Chayanne, *Eres mía* de Romeo Santos, *Robarte un beso* de Carlos Vives e Sebastián Yatra, *Lágrimas de amor* de Camela, *Una en un millón* de StarShopping, *Prioridades de Babi* e no despropósito de violencia estivo *Drakuken* de KiddKeo.

Por último, escoitamos estoutro tipo de cancións nas que a ausencia de violencia machista era importante: *La puerta violeta* de Rozalén, *Malo* de Bebe, *Non son fada nin princesa* de Ses, *Somos familia* de Deltino Nguema e *La que nunca se rinde* de Marta Sánchez

## BAILE DE

## EMOCIÓN



Amor  
Odio  
Ira  
Irritación  
Tensión  
Alivio  
Serenidade  
Felicidade  
Tenrura  
Enfado  
Alegría  
Tristeza  
Compañón  
Remorso  
Curiosidade

Culpa  
Calma  
Nerviosismo  
Medo  
Ilusión  
Vergoña  
Esperanza  
Celos  
Envexa  
Rabia  
Inseguridade  
Desilusión  
Timidez  
Confusión  
Excitación

Asombro  
Noxo  
Hostilidade  
Aceptación  
Incomprensión  
Rancor  
Desamparo  
Soidade  
Nostalxia  
Melancolía  
Aburrimiento  
Entusiasmo  
Euforia  
Desalento  
Terror

Decepción  
Frustración  
Admiración  
Desexo  
Satisfacción  
Orgullo  
Pracer  
Gratidade  
Carraxe  
Temor  
Furia  
Impotencia  
Pena  
Dor  
Confianza

Rexeltamento  
Angustia  
Humor  
Diversión  
Pudor  
Sorpresa  
Paz  
Preocupación  
Desgusto  
Equilibrio  
Pánico  
Adoración  
Morriña  
Inquietude



**5ª SESIÓN:** Esta sesión traballáronse os diferentes vínculos amorosos que podemos establecer no marco dunha relación afectiva de parella. Todos eles son formas de amar que se expresan no marco dunha sociedade patriarcal, de aí a necesidade de repensalos e repensar como nos vinculamos cando queremos a alguén, para que sexa desde a igualdade e non desde a dependencia ou a dominación.

Analizamos o concepto de **BOTRATO** como novo marco referente das relacións afectivas, e construímos de forma colaborativa unha maleta na que levamos todos os ingredientes que nos permitan establecer modelos amorosos sans, respectuosos e igualitarios.



**5**



**Recollendo  
para viaxar a  
vida**


Ao longo destas sesións tamén fomos aproveitando todos os materiais que a través desta aplicación tiñamos ao noso dispor como o vídeo da Historia de *Pepe y Pepa. Escalera cíclica da violencia de xénero na adolescencia* de Carme Ruíz Repullo, *Amor romántico vs amor libre* de Queer Avengers, etc...

Deixámosvos algunha fotografía e o resultado final





























# A MALETA DO BO TRATO




IES MARTAGUISELA  
1ºESO A



# A MALETA DO BO TRATO



IES MARTAGUISELA  
2ºESO A






# A MALETA DO BO TRATO



IES MARTAGUISELA  
2ºESO B





# A MALETA DO BO TRATO



**Parabéns  
por completar  
este camiño**

**RESPECTO**

**LIBERDADE**

**EMPATÍA**

**CONFIANZA**

**EDUCACIÓN**

**AMOR**

**SINCERIDADE**

**LEALDADE**

**IES MARTAGUISELA  
2ºESO C**

